

**DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**  
**MÍNIMOS ESIXIBLES PARA CADA CURSO – 2013-2014**

***Mínimos esixibles para 1º de ESO***

- Saber sintetizar oralmente e resumir por escrito textos narrativos, descritivos e expositivos, intentando centrarse nas ideas craves dos mesmos.
- Ler textos con soltura respectando os signos de puntuación e producilos de acordo coa norma lingüística.
- Saber utilizar e manexar con precisión o dicionario.
- Identificar os elementos que constitúen a oración simple, coñecendo e diferenciando as distintas clases de palabras.
- Dominar cada unha das regras ortográficas traballadas en cada unidade, tendo en conta que os exercicios escritos teñen que adecuarse aos criterios de cualificación fixados polo Departamento.
- Valorarase con especial atención a creatividade e as achegas orixinais do alumno ao longo das distintas intervencións en clase: o esforzo diario ten unha gran importancia.
- Realizar con pulcritude, orde e puntualidade as actividades de cada unidade didáctica.
- Superar as probas orais e escritas sobre a comprensión das lecturas obrigatorias.

***Mínimos esixibles para 2º de ESO***

- Sintetizar oralmente e resumir por escrito textos narrativos, descritivos e expositivos.
- Recoñecer, valorar e identificar a realidade lingüística de España.
- Utilizar a lingua oral e escrita nos planos fónico, morfosintáctico, léxico semántico e textual.
- Identificar os elementos que constitúen a oración simple, coñecer as distintas clases de palabras e como están formadas.
- Comprobar a importancia da ortografía do discurso, da oración e da palabra.
- Lectura e comentario das obras determinadas para este nivel.

***Mínimos esixibles para 3º de ESO***

- A comunicación e a súa importancia.
- O proceso comunicativo.
- Os medios de comunicación social.
- Comunicación literaria.
- Morfoloxía: recoñecemento das distintas clases de palabras.

- Sintaxe: a oración simple.
- Léxico: procedementos de formación de palabras en castelán.- Familias léxicas.- Campos semánticos.
- Relacións semánticas.- O cambio semántico.
- Ortografía: repaso xeral.
- Literatura: Características e principais autores e obras da Literatura desde a Idade Media ata o Barroco.
- Lingua e sociedade: orixe e evolución da lingua española.- Bilingüismo y diglosia.- Interferencias entre as linguas en contacto: galego e castelán.
- Lectura comprensiva e interpretación das obras fixadas.

### ***Mínimos esixibles para 4º de ESO***

- Expresión escrita e oral correcta, coherente e fluída, adecuada á ortografía, a intención e o tipo de texto (narrativo, descritivo, expositivo, argumentativo).
- Planificación das ideas principais e secundarias de textos escritos, elaborando sínteses que reflectan tanto as informacións esenciais como os puntos de vista propios.
- Producción de textos específicos orais e escritos de uso habitual, individual e social (conversacións, coloquios, debates, instancias, etc.) respectando as normas do intercambio comunicativo e empregando as estruturas e o léxico correspondentes.
- Análise e uso das oracións compostas para conseguir unha comunicación precisa, correcta e eficaz.
- Identificación dos xéneros e subxéneros, as características e os recursos expresivos (figuras literarias, métrica...) das obras e autores máis representativos da literatura española desde o século XVIII até a actualidade.
- Recoñecemento dos usos discriminatorios da linguaxe, desenvolvendo unha actitude crítica ante eles.
- Lectura comprensiva e interpretación das obras fixadas.

### ***Mínimos esixibles para 1º de BACH***

- Coñecer o proceso de comunicación. Os signos e as funcións da linguaxe. Variedades da lingua. Concepto de variedade lingüística. Factores de diversificación lingüística.
- Comprensión e análise do contido de textos.
- Distinción e uso das variedades ou formas de discurso nos diferentes tipos de textos.

- Distinción e uso dos aspectos pragmáticos, estruturais e lingüísticos nos textos expositivos.
- Distinción e uso dos tipos de argumentos e formas de argumentación, e dos aspectos pragmáticos, estruturais e lingüísticos nos textos argumentativos.
- Distinción e uso correcto das propiedades do texto (adecuación, coherencia, cohesión) e dos procedementos de cohesión textual.
- Comprensión e composición dos diferentes tipos de textos tendo en conta os aspectos pragmáticos, estruturais e lingüísticos.
- Análise morfolóxica e clases de palabras.
- Coñecemento e uso correcto do sistema verbal do castelán: conxugación regular e irregular. Perífrases e locucións verbais.
- Distinción e uso correcto dos elementos relacionantes.
- Distinción das clases de oracións simples e da estrutura da oración.
- Distinción dos valores dos pronomes átonos.
- Coordinación e subordinación de oracións. Procedementos de relación entre oracións. Clases de oracións coordinadas. Clases de oracións subordinadas. Oracións con verbo en forma non persoal.
- Coñecemento da evolución da literatura (temática, personaxes, contexto...) a través da historia desde a Idade Media ata o século XVII. Lectura e análise de textos e obras literarias representativas.
- Distinción das características da lingua literaria (xéneros e figuras literarias. Métrica castelá, verso, estrofa, poema).
- Utilización autónoma da biblioteca e dos seus recursos.
- Procura de información en dicionarios e Internet.

### ***Mínimos esixibles para 2º de BACH***

- Definición adecuada de palabras a partir de un texto.
- Síntesis de las ideas más relevantes de un texto: resumen y esquema.
- Elaboración de opiniones críticas, correctamente redactadas, a partir de las ideas propuestas en un texto.
- Redacción de textos utilizando las normas de corrección ortográfica y adecuación al registro.
- Identificación de textos, en su obra, época, autor y tipología.
- Contextualización, géneros, movimientos, características, autores más representativos de la Literatura de los siglos XVIII, XIX y especialmente del XX.

- Análisis de las obras de obligada lectura.
- Utilización de la terminología gramatical adecuada: morfología, sintaxis, semántica, léxico, coherencia y cohesión textuales...
- Análisis morfológicos y sintácticos.
- Estudio del léxico.
- Dominar los aspectos que han sido muy destacados sobre obras, tendencias o autores por el profesor.